

COMUNICACIÓN DE PRENSA

FUNDACIÓN LAXEIRO

Presenta

THE FLICKERING DARKNESS

de

Juan DelGado

Inauguración: venres, 30 de outubro, 20.00h.
30 de outubro – 31 de xaneiro

FICHA TÉCNICA

Título:

The Flickering Darkness

Autor:

Juan delGado

Comisario:

Javier Pérez Buján

Tipo de obra:

vídeo-proxección, cor, 3 canles,
son cuadrofónico,
13' en *loop*.

Lugar:

Fundación Laxeiro, sala B.
r/Policarpo Sanz, nº 15, 3º, Vigo, tlf: + 34 986-43 84 75
www.laxeiro.org fundacion@laxeiro.es

Financimento do proxecto:

Unlimited

Consejo Británico de las Artes

British Council-Colombia

Universidad de los Andes, Bogota

Financiamento da exposición:

Fundación Laxeiro,

Concello de Vigo,

Deputación de Pontevedra,

Xunta de Galicia

O vindeiro venres, 30 de outubro, a Fundación Laxeiro inaugura a exposición titulada *The flickering darkness*, un proxecto do artista español afincado en Londres, Juan DelGado (Cartagena, Murcia, 1965) que por primeira vez se exhibe en España.

The flickering darkness é unha peza audiovisual realizada en 2009, durante unha residencia de tres meses na cidade de Bogotá. Producida orixinalmente por a Universidade dos Andes, como parte do programa de residencias artísticas entre Colombia e Reino Unido, o proxecto foi apoiado por o British Council, o Ministerio de Cultura e o Consello das Artes UK.

O PROXECTO

ORIXE DO PROXECTO. O artista chegou a Bogotá pensando en desenvolver un proxecto que consistía na realización dun mapa da cidade que representara os diferentes graos de ansiedade experimentados polos seus habitantes. Fiel á súa preocupación por facer aflorar realidades sociais latentes, delGado buscaba facer visible un feito que ten que ver coa percepción subxectiva da cidade, seguindo a teoría das representacións sociais que aborda a construción de mapas do territorio, atendendo a como este é vivido e imaxinado polos seus habitantes.

Nada máis chegar, delGado coñeceu á artista Lorena Luengas que levaba anos traballando na mesma idea e decidiu abandonar o proxecto e traballar noutro totalmente novo. Esta circunstancia fíxolle cambiar a súa forma de traballar, que ata o momento se caracterizara por un gran rigor metodolóxico e estrutural, e comezou a pasear pola cidade, sen rumbo fixo e sen saber exactamente que proxecto ía levar adiante.

Nestes paseos por Bogotá, delGado observou que existía unha gran abundancia de comida en todas partes, á vez que vía a moita xente pasar fame. Estas dúas realidades fixéronlle reflexionar acerca da orixe e os procesos de produción dos alimentos e cando se atopou co mercado de Corabastos, sentiu que ese era o escenario ideal para indagar nas contradicións da xestión alimentaria.

O mercado Corabastos é o mercado máis grande de Sudamérica, con 420.000 metros cadrados de superficie, e unha poboación flotante de 200.000 persoas diarias, abastece á cidade de Bogotá e a súa área metropolitana. Atoparse co mercado de Corabastos supuxo para o artista un achado a partir do que comezou a dar forma plástica ás súas reflexións sobre a xestión alimentaria, cristalizando finalmente na obra ***The flickering darkness*** que, por primeira vez, se presenta en España, na sede da Fundación Laxeiro, en Vigo.

O CONTIDO. Todo o traballo de Juan delGado baséase na idea de facer visibles realidades, xeralmente de carácter social, que se atopan en estado latente. Utilizando a plasticidade visual como *reclamo*, o artista vai construíndo unha obra visualmente atractiva e impecable dende un punto de vista formal que, unha vez que nos atrapa, fálanos de aspectos concretos que a delGado lle interesa resaltar, aspectos normalmente silenciados polo discurso oficial que o autor, á maneira dun arqueólogo, fai aflorar. ***The flickering darkness*** constitúe un exemplo paradigmático desa forma de traballar.

Na obra, Juan delGado explora a viaxe percorrida polos alimentos dende a súa chegada ao mercado, ata o seu consumo final. O filme, proxectado en tres canles, mostra a cidade nas súas cores típicas, nas súas texturas, silencios e sons, para capturar o sentido do caos e a contradición, e convidar ao espectador a reflexionar acerca dos estratos sociais e a xestión dos recursos alimentarios.

A obra muda así no retrato audiovisual dunha realidade latente, a simple vista inapreciable. A cámara captura esta realidade para ir máis alá das formas e descubrir os feitos subxacentes que se producen no mercado máis grande de América Latina.

Juan delGado aproxímase así ao pensamento de Michel Foucault e a súa análise do discurso, caracterizada por desenmascarar as relacións entre “saber” e “poder”, mediante a procura e localización daqueles acontecementos silenciados, como neste caso acontece coa xestión dos alimentos e a súa relación coa división social.

A comida, a súa manipulación, distribución e consumo, vains dando información sobre a estratificación e a segmentación sociais, tanto nas diferentes tarefas realizadas na cadea de produción/distribución/consumo, como tamén nos tipos de alimentos aos que accede cada grupo social.

O TRATAMENTO FORMAL. Juan delGado bota man deliberadamente dunha retórica *testemuñal*, mediante a utilización de recursos como o plano fixo e o son directo, cos que acadada unha sensación de obxectividade, acentuada coa edición do material en tres canles, tres puntos de vista que se complementan para formar un único relato que vai poñendo de manifesto as múltiples e complexas relacións entre a comida e os diferentes grupos sociais e, en última instancia, as contradicións existentes nos procesos de produción e consumo das nosas sociedades.

Con este traballo, delGado desenvolve unha linguaxe visual na que a fragmentación e o movemento contemplativo definen a obra dende un punto de vista formal. Esta narrativa fragmentada, mostrada en tres pantallas simultaneamente, vai construíndo un relato, a partir da integración de cada fragmento nun todo e descubriendo así, aspectos latentes que buscan unha reflexión no espectador sobre a responsabilidade que cada un temos como produtores, distribuidores ou consumidores de bens e servizos, procesos que sempre se enmarcan nun contexto que tende a reproducir e perpetuar unha determinada orde social, política e económica.

A MONTAXE

Como en ocasións anteriores, a sala B da Fundación Laxeiro muda nunha sala de proxección, un cubo negro no que se proxecta *The flickering darkness* en tres canles, cunha duración de 13 minutos en *loop* e o son en formato cuadrofónico que contribúe a unha sensación de presenza do espectador no lugar e momento que mostran as imaxes.

O ARTISTA**EXPOSICIÓN SELECCIÓN**

- 2015 **Risk**, curadora: Francesca Laura Cavall, Turner Contemporary, Margate, Reino Unido
Mythologies - curador: Firat Arapoglu. Bienal de Mardin, Turquía
- 2014 **Bosque Sonoro**. 4ta Bienal Fin del Mundo, Buenos Aires
Terminal Sur, Festival This Is Not a Gateway, Instituto Bishops
Fluctuations on Time. Halka Art Projects, Istanbul
La Oscuridad que se Apaga (revisada), Royal Festival Hall, Londres
Ringing Forest / Open Forest Commission. Jerwood Space, Londres
- 2013 **The Bulgarians Are Coming**, Bulgarian Cultural Centre, Londres
I Will Take You to a Place We Know, curador: Firat Arapoglu, Bergsen Galeri, Istanbul
- 2012 **Perceptions of Balance**. curador: Lynn Cox, Shape Arts, Londres
Sailing Out of Grain (itinerante Reino Unido).
Teatro Marlowe, Canterbury
Kaleidoscope Gallery, Sevenoaks
Lighthouse, Poole
BBC Big Screens
Festival B- SIDE Media Festival, Weymouth
- 2011 **Between Ebal & Gerzim**, curador: Yazid Anani . Museo Etnográfico Birzeit, Ramallah
The View From Here, curadora: Karen McDonald. Salisbury Arts Centre, Salisbury
100 m: Creative, curadora : Rose Lejenue . Campus Initiative Herbet Gallery, Canterbury
Presently I have Nothing, -curador: Eugen Radescu Pavilion Unicredit, Bucharest
Le Rêve de Newton, -curadora : Hazel Stone Sidney Cooper Gallery, Canterbury
Up Stream, -curadora : Stevie Rice. Festival Fringe, Brighton, Reino Unido
- 2010 **La Oscuridad que se Apaga**. Festival Rich Mix Colombiage, Londres
Contemporary Art Fair ARTBO, Bogotá
This Is Not a Gateway | Festival About the City. Hanbury Hall, Londres
Le Reve de Newton. Derek Jarman Gallery, Canterbury, Uk
- 2009 **How Innocent is that?** -curador: E. Radescu. Bienal Bucharest
Who Are You Entertaining to? -curador P. Silva Projects Room, Bogotá
Landscape & The Body. Museo Universitario, Alicante
Crime & Punishment -curador : Pedrag Pajdic. Kortil Gallery, Rijeka, Croacia
- 2008 **Fleches Sans Corps**. Mucho Mas Mayo Festival, Cartagena
Carne y Piedra. PhotoEspana, Madrid
- 2007 **Paranoia (itinerante)**. Museo Freud , Londres
City Arts Gallery, Leeds
Focal Gallery, Eastbourne
Suspended Reverie -curador: George Unsworth. Space Arts, Londres

PUBLICACIÓNS E ENTREVISTAS

- 2015 **BBC See Hear** <http://www.bbc.co.uk/programmes/p02gz2zl>
- 2014 [Interview with Manuel Angel Macia](#), Disability On Line
- 2012 [Sailing Out of Grain](#) | Blog
- 2011 [Fluctuations in time](#) | Blog
- 2010 *The Flickering Darkness : Urban Bogota and its Food Flow*, Myrdle Court Press, London
- 2009 [La Oscuridad que se apaga](#) | Blog
- 2006 [Interview with Joe McConnell](#), Disability On Line, London

PREMIOS, BECAS E CAPACITACIÓN

- 2015 **Definitely Able Comisión Conferencia | Museo de Arte Islámico**. British Council, Qatar
- 2013 **Open Forest Comisión | Jerwood Space**. Forestry Commission, UK
- 2012 **Moving Image | Grants for the Arts**. Arts Council, Inglaterra
- 2011 **Artista en Residencia | Museo Etnográfico Birzeit**. Artschool Palestine, Ramallah
- 2010 **SlipStream : Creative Campus Campus Initiative | Olimpiada Cultural**. University of Kent, UK
- 2009 **Artista en Residencia | programa ViSITING ARTS**. British Council, Colombia
- 2007 **Artista en Residencia**. Alcalá del Júcar, España
Induction Into the Audio Visual Industry Certificate. Westminster Kingsway College
EVF Commission Birth Rites. Manchester, UK
- 2006 **Comisión Science & Arts R&D | Ringing Forest**. The Wellcome Trust, London, UK
- 2005 **Artista en Residencia Casa de Velázquez**. Madrid, España
Commission Museo Arte Contemporáneo León, España
- 2004 **Interactive Narrative Content Seminar | SAGASNET**, Stuttgart, Germania
- 2003 **Professional Business Training | Space Studios**, London, UK
- 2002 **Artista en Residencia 'Art & Landscape'** Blanca, España
Artista en Residencia | Science & Arts The Wellcome Trust Londres, UK
Artista en Residencia London Print Studio, UK
- 2002 **Artsadmin New Media Awards**, Londres, UK
Artista en Residencia | PVA LabCulture Program, Vivid Media Centre Birmingham, UK
- 2001 **Arts & Humanits Research Board**, The British Academy Londres, UK
- 1997 **University of Westminster Scholarship**, Londres, UK
John Kobal Photographic Awards, National Portrait Gallery, Londres, UK

FORMACIÓN

- 2007 Grado Producción de Arte
Universidad Politécnica Valencia, España
- 2002 MA Contemporary Media
University of Westminster, Londres
- 2001 BA (Hons) Contemporary Media Practice
University of Westminster, Londres
- 1999 Diploma en Fotografía Digital
School of Arts & Crafts, Valencia, España
- 1997 National Diploma Design (Photography)
Kingsway College, Londres

ENLACES DE INTERESE

www.juandelgado.co

<http://vimeo.com/4601573>

<https://www.youtube.com/user/cremer2005>

<http://theflickeringdarkness.blogspot.co.uk/>

<http://weareunlimited.org.uk/commission/juan-delgado/>

<https://www.youtube.com/watch?v=ZgphFE4rpHs>

<http://jerwoodopenforest.org/artist/juan-delgado>

<http://www.southbankcentre.co.uk/whatson/juan-delgado-1000573>